# Alegato directo

## *Con fermosas imaxes*

PAULA FERNÁNDEZ

*Eu tamén son fonte* é a un alegato, directo e cargado de poesía, a prol do aleitamento materno, un canto que identifica o embarazo coa primavera, coas sensacións que decote esta evoca, e mais unha fermosa metáfora que converte ás mulleres en fonte de vida. Algo difícil de expresar pero que aquí semella doado grazas á sensibilidade de Teresa Moure con este tema como xa ten manifestado nos ensaios en que defende o feminismo dende unha postura naturalista. Recolle así algunhas das cuestións que máis preocupan á autora como o feminismo e a ecoloxía, que malia ser xa comúns na literatura infantil, aparecen agora tratadas dende unha perspectiva completamente innovadora facendo participar aos lectores e ás lectoras do natural.

Motivos, embarazo e lactancia, que a autora trata dende a máis absoluta naturalidade de maneira que reflicten tranquilidade e serenidade. O embarazo como un proceso que positiviza a quen o vive e que fai que a muller goce con numerosísimas experiencias sensitivas cando imaxina o novo ser e cando pensa na vida que comezará coa chegada do pequeno ou pequena. E, á beira deste embarazo, desta primavera onde todo é redondo, o aleitamento como algo normal, presente na sociedade dende sempre mais tamén agochado, polo que defende facelo visible e dignificalo para así amosar o orgullo por esa experiencia da que abrolla nova enerxía.

Un texto poético, agradable pola musicalidade da súa lectura, cheo de fermosas imaxes que foi promovido pola Federación Galega de Asociacións de Apoio á Lactación Materna para contribuír co traballo sensibilizador que estas desenvolven con homes e mulleres do país, e que grazas á beleza plástica de Leandro Lamas, quen coas súas ilustracións, coloridas e explícitas, nas que predominan as formas redondas e a representación de motivos naturais, remata de dar forma a esta idea de perfección. Unha idea plasmada nun proxecto que de seguro suporá un punto de inflexión na literatura infantil, pola seu tema e polo xeito de transmitilo: pensando na madurez de quen le e na ausencia de prexuízos nos cativos e cativas.

*MOURE, Teresa, Eu tamén son fonte (Ilustr. Leandro Lamas) Ed. Galaxia. Vigo, 2008. 26 páxinas.*

vestido servía fundamental